



CAMBIO DO PERMISO DE CONDUCCIÓN DE PAÍSES CON CONVENIO



NON SON CAMBIABLES:

- OS PERMISOS OBTIDOS CON DATA POSTERIOR Á SINATURA DO CONVENIO SENDO RESIDENTE LEGAL EN ESPAÑA.
- OS PERMISOS QUE PROCEDAN DO CAMBIO DUN PERMISO DOUTRO PAÍS QUE NON TEÑA CONVENIO CON ESPAÑA NESTA MATERIA.

Debe solicitarse cita previa, a través do teléfono **060** ou da páxina web da DXT (www.dgt.es), e indicar a xefatura provincial de Tráfico onde desexa realizar o trámite.

DOCUMENTACIÓN

1. **Solicitud:** no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT (www.dgt.es), no que se inclúe unha declaración de non estar privado, por resolución xudicial, do dereito a conducir, de non posuír outro permiso da UE ou do EEE de igual clase ca o solicitado ou de que este fose restrinxido, suspendido ou anulado e de que o solicitante se responsabiliza da autenticidade, validez e vixencia do permiso que se vai cambiar.
2. **Taxa II.1:** 92,20 € cando haxa que realizar probas prácticas.
Taxa II.3: 28,30 € cando non haxa que facer probas prácticas.
3. **Acreditación de identidade e residencia:**
 - **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
 - **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros** para estranxeiros comunitarios: orixinal en vigor.
 - **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.
4. **Informe de aptitude psicofísica telemático** anotado no Rexistro de Condutores por un **centro de recoñecemento para condutores**.
5. **Permiso de condución:** orixinal en vigor e fotocopia.
6. **Fotografía:** unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.
Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.
7. **Talón foto:** cuberto e asinado dentro do recadro correspondente.

SUPOSTOS ESPECIAIS

Representación: cando a documentación non sexa presentada pola persoa titular do permiso, a persoa que a representa deberá achegar o seu documento de identificación oficial e unha autorización da persoa interesada para realizar o trámite, onde exprese o seu carácter gratuíto.

Probas que hai que realizar: ver parte posterior da folla informativa.



MINISTERIO
DEL INTERIOR



Presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación.

PROBAS QUE HAI QUE REALIZAR

A REPÚBLICA DOMINICANA: PERMISOS A1, A e B: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C, C+E, D1 e D: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

ALXERIA: PERMISOS A, B e B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C1+E, C, C+E, D e D+E: PROBA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

ARXENTINA: PERMISOS A, B, B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C, C+E e D: PROBA DE CIRCULACIÓN

BOLIVIA: PERMISOS A1, A, B: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

CHILE: PERMISOS A, B, D1+E e D+E: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1 e D: PROBA DE CIRCULACIÓN

COLOMBIA: PERMISOS A, B, B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C, C+E e D: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

ECUADOR: PERMISOS A, B e B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C, C+E e D: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

FILIPINAS: PERMISOS A1, A, B e B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

GUATEMALA: PERMISOS A1, A, B: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

MACEDONIA: PERMISOS A1, A, B, B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

MARROCOS: PERMISOS A1, A, B, B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C, C+E, D, D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

NICARAGUA: PERMISOS A1, A, B: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C, C+E, D1 e D: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

O BRASIL: PERMISOS A1, A, B e B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

O SALVADOR: PERMISOS A1, A e B: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1 +E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

O PERÚ: PERMISOS A1, A, B e B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA DE CIRCULACIÓN

PANAMÁ: PERMISOS A2 e B: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C, C+E, D1 e D: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

PARAGUAI: PERMISOS A1, A, B, B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

REPÚBLICA DE SERBIA: PERMISOS A, B e B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

TUNISIA: PERMISOS A1, A, B e B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C, C+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

TURQUÍA: PERMISOS A e B: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN

UCRAÍNA: PERMISOS A1, A, B e B+E: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1 +E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA DE CIRCULACIÓN

URUGUAI: PERMISOS A1, A, B e D1: CAMBIO SEN PROBAS. C1: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA
C e C+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN. D: PROBA DE CIRCULACIÓN

VENEZUELA: PERMISOS A, B: CAMBIO SEN PROBAS
C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E: PROBA TEÓRICA ESPECÍFICA E DE CIRCULACIÓN
(22/06/2018)